



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: EXTINCIÓN ADXUDICACIÓN PARCELA 7 HORTAS C. MIRABEL E
ACTIVACIÓN LISTA DE AGARDA
EXPEDIENTE: 2019/G003/000279

O 20 de decembro de 2018 realizouse o sorteo público para adxudicación das hortas urbanas de Campos de Mirabel, e, de acordo co disposto na cláusula 9 dos Pregos que rexeron a convocatoria, publicouse a proposta de adxudicación na web e no taboleiro de anuncios do concello, a efectos de reclamacións, polo prazo de dez (10) días hábiles.

Rematado o prazo sen que houbera reclamacións, e unha vez comprobado que tódalas persoas adxudicatarias presentaran a documentación requirida, por resolución da Alcaldía do 16 de xaneiro de 2019 (res 28/2019), realizouse a adxudicación definitiva das parcelas, e estableceuse a lista de agarda prevista no Regulamento, conformada por:

APELIDOS E NOME	DNI
BOTAS DÍAZ, JACOBO	***0645**

Revisada a situación das parcelas en días pasados, detectouse que dúas delas, a horta núm. 2 e a horta núm. 7 non presentaban actividade algunha desde a data de sinatura da acta de inicio de actividade.

Á vista de que a acta de inicio de actividade da horta número 7 foi asinada en data 23 de xaneiro de 2019, e que se cumpriu, polo tanto, o prazo de tres meses establecido no artigo 24 do Regulamento como período de extinción da autorización por “*Falla de cultivo da parcela*”, en data 23 de abril de 2019 (rexistro de saída 827), requiriuse a D. Rafael Villasuso Bouza, para que presentase alegacións ou comunicase a súa situación con respecto da mencionada horta.



En data 24 de abril de 2019, D. Rafael Villasuso Bouza comunicou a súa renuncia á adxudicación da parcela ante a imposibilidade de facerse cargo da mesma, por motivos persoais.

Á vista de que existe unha lista de agarda, prevista nos artigos 14 e 15 do Regulamento das hortas urbanas municipais de Teo, en virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar a extinción da adxudicación da parcela número 7 das Hortas urbanas de Campos de Mirabel, da que era adxudicatario D. Rafael Villasuso Bouza, DNI ***1889**, e notificarlla ao interesado.

Segundo.- Requerir a D. Jacobo Botas Díaz, DNI ***0645**, membro da lista de agarda aprobada por Resolución da Alcaldía do 16 de xaneiro de 2019 (res 28/2019), para que aporte, debidamente actualizada, a documentación á que se refire o artigo 11 do Regulamento das hortas urbanas municipais, no prazo de 15 días a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación, na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde,
Rafael Carlos Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Diaz